

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE NOVIEMBRE DE 2017 DO PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SUBMINISTRO DE COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA TRASEIRA RSU PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1.

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as **11:00 horas**, do día 30 de novembro de 2017, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do SUBMINISTRO DE COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA TRASEIRA RSU PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1 que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal., Municipal
- Don Luis Manuel Lozano Lorenzo, por parte da Intervención Municipal (en substitución de Dna. Ana María Vigo Fariña)
- D. Juan Manuel Constenla Carbón, 1º Tenente de Alcalde
- Dna. Belén Louzao Vieites representante do PS de G-PSOE.
- Non asisten:
- D. Xosé Magariños Maceiras representante do BNG
- Dona Mar Blanco Casais, representante de MOVETE.
- SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente, indícase aos compoñentes da Mesa de, dentro de prazo, presentaron ofertas para esta licitación as seguintes empresas:

- PLASTIC OMNIUM SISTEMAS URBANOS S.A.**
- CONTENUR S.L.**
- JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L.**

Seguidamente procédese á apertura do sobre A (documentación administrativa) de cada unha das empresas co seguinte resultado:

-PLASTIC OMNIUM SISTEMAS URBANOS S.A.- Presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-CONTENUR S.L. Presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L.- Presenta SEN ASINAR tanto a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

A Mesa considerando que se trata de un defecto enmendable, acorda por unanimidade requirir á empresa JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L., para que en caso de seguir interesada neste procedemento de contratación, presente ASINADAS tanto a declaración responsable como a declaración de empresas vinculadas, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles a contar dende a recepción deste requirimento. De non facelo así, procederáse á súa exclusión definitiva do procedemento de contratación.

Unha vez transcorrido o prazo concedido, volverase a reunir a Mesa de Contratación, o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora, na que se dará conta da situación do expediente en canto á subsanación de documentación por parte da empresa JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L., e seguidamente procederáse á apertura do sobre B (OFERTA).

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas e quince minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)